

TRABALLAMOS CO LÉXICO



Comenta as palabras do texto referidas ó tempo atmosférico.



O galego presenta unha gran riqueza de matices para expresa-los fenómenos atmosféricos. Repara no seguinte cadro de léxico.

Fenómenos atmosféricos

Vento

borrasca
brisa
cifra
corisco
furacán
refacho
temporal
vendaval
xistra

Auga

arco da vella
balloada
choiva
chuvasco
chuvisca
dioivo
humidade
orballo
seca

Luz

centella
chispa
raio
lóstrego
relampo
alustro
relustro
tronada
trono

Neve/Xeo

alude
carambelo
carazo
farrapo
folerpa
pedrazo
salpedrés
sarabia
xeada

Néboa

borraxeira
brétema
calixe
fuscallo
mera
neboeiro
nebrón
nebra
bruma



¿Como expresan os galegos...?

Que chove moito: *chover a cachón*

Que vai moito vento: *refolada*

Que vai moita calor: *calmizo*

Os ventos: *mareiro*

REPARA

A expresión do tempo atmosférico adoita facerse cos verbos **ir** e **haber**, e non co verbo **facen**, como ocorre en castelán:

- Ir mal tempo / ir bo tempo.
- Vai un calmizo que caen os paxaros.
- Ía un sol queimón.
- Vai unha friaxe que nin os cans paran.
- Vai un frío que atrapa.
- Vai un vento que cimbrea.



REDACTA un informe meteorolóxico semellante ó que escoitaríamos na información do tempo dun telexornal.



A partir dos adxectivos que seguen, cualifica meteoroloxicamente as estacións e os anos: nubrado, caloroso, chuvioso, chuvioso, friento, nevarento, quente, morno, húmido, lento, seco, mollado, xeadado, xélido...